

## **DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO DE PRIMARIA**

Publicada a ORDE do 6 de novembro de 2020 (**DOG 13-11-2020**), pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, este poderá solicitar ser incluído no citado reparto segundo os requisitos que resumimos a continuación:

### **1. ALUMNADO AUTOMATICAMENTE BENEFICIARIO:**

**O alumnado de educación primaria beneficiario das axudas de material escolar no curso 2020-21, NON necesitará entregar ningunha solicitude, automaticamente pasará a formar parte da listaxe de beneficiarios da citada distribución.**

### **2. SOLICITANTES:**

**A maiores, poderán solicitar ser incluídos na distribución de máscaras os alumnos/as de ED. PRIMARIA que se atopen nalgunha das seguintes situacións:**

- a. Alumnado que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- b. Alumnado matriculado en educación especial.
- c. Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- d. Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

### **3. REQUISITOS:**

**- A renda familiar referirase ao exercicio de 2018.** Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

**- Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2018, agás nos casos de violencia de xénero, que se aplicará o disposto na lexislación vixente.**

### **4. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

As solicitudes presentaranse no centro, dende o 16 e ata o 27 de novembro de 2020, ámbolos dous incluídos.

### **5. DOCUMENTACIÓN:**

- a. Impreso de solicitude (Anexo I e Anexo II), que están dispoñibles na páxina web do centro ([www.edu.xunta.gal/centros/ceipalbinonunez](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalbinonunez)), no portal educativo da Xunta de Galicia ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), na sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>) e tamén no propio centro.
- b. Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

- c. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- d. Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
  - 1º. Certificado ou volante de convivencia.
  - 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- e. Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- f. Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- g. Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- h. Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- i. Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

## **6. PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS, RECLAMACIÓNS E LISTAS DEFINITIVAS:**

En caso de exclusión na listaxe provisional, as persoas afectadas poderán formular reclamación ante o centro nos dous (2) días hábiles seguintes ao da súa publicación. Esta reclamación entenderase resolta coa publicación da listaxe definitiva.

Para calquera aclaración non dubiden en chamar ao centro ao teléfono 988 788 896.

Ourense, 14 de novembro de 2020  
A dirección do centro